

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2024

1.- FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1.1.- Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas destinadas a financiar a celebración de festas parroquiais que se realicen nas distintas parroquias do termo municipal de Lalín ao longo do ano 2024, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

1.2.- O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 25 da *Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*; no *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais*; na *Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia*; na *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e no seu Regulamento aprobado por *Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo*, na *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, así coma nas Bases de Execución do Presuposto do Concello para o exercicio 2024, e respectando o establecido na *Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais*.

1.3. As axudas reguladas nestas bases intégranse no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024, encadrándose na liña 1 do dito plan (fomento de actividades de carácter lúdico e de promoción do deporte, a cultura, as tradicións, o patrimonio, a educación e a mocidade). O obxectivo estratéxico desta liña é apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, aos centros educativos de carácter público e ás asociacións de diferente índole existentes en Lalín, con fins de carácter lúdico, social, cultural, deportivo, xuvenil e de promoción de tradicións.

1.4.- Convócanse as subvencións con cargo ao crédito consignado na seguinte aplicación orzamentaria:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINALIDADE
0.338.48902	5.000 €	Celebración de festas parroquiais

2.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES:

Poderán ser obxecto de subvención as actuacións de bandas de música, grupos de gaitas e charangas dos constituídos no termo municipal, que teñan lugar con motivo da celebración de festas das distintas parroquias do Concello de Lalín.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades subvencionadas ou financiadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lalín.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os beneficiarios doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo total da actividade subvencionada.

3.- BENEFICIARIOS:

3.1.- Poderán solicitar as subvencións as entidades, con ou sen personalidade xurídica, públicas ou privadas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Comisións de Festas constituídas ao efecto. Deberán estar formadas por un mínimo de tres membros e nomear a un representante, que será o que actúe en nome da Comisión de Festas no procedemento. Os membros das Comisión de Festas responderán diante do Concello de forma solidaria e todos eles deberán cumprir os requisitos necesarios para ser beneficiarios da subvención.
- b) No caso das asociacións, deberán estar legalmente constituídas.
- c) As asociacións deberán ter o seu domicilio social en Lalín e estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.
- d) Carecer de fins de lucro.
- e) Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal do Concello de Lalín.
- f) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
- g) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

3.2.- En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e no artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, que se transcribe a continuación:

“2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas na presente lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.*
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.*
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración.*

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen. f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non encontrarse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei xeral tributaria. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8 da presente lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.”

4. - NORMAS DE OUTORGAMENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación. Terán carácter voluntario e eventual e non serán invocables como precedente.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Só se poderá presentar unha única solicitude por Comisión de Festas ou Asociación.

5.- SOLICITUDE.

As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle dará traslado ao BOP do seu extracto.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP. Se o último día fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes e demais documentación presentaranse exclusivamente e de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto que estarán dispoñibles na Sede electrónica do Concello <https://lalin.sedelectronica.gal> e na páxina web do Concello de Lalín www.lalin.gal.

As solicitudes deberán ser presentadas preferiblemente por medios electrónicos na Sede Electrónica do Concello de Lalín. Tamén se admitirán as solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lalín ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2017, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no caso das Comisión de festas, para as Asociacións será obrigatoria a súa presentación de forma telemática.

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados e por medios telemáticos no caso das Asociacións, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

Se algunha das Asociacións interesadas presenta a solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

A presentación de solicitudes de subvención ao abeiro das presentes bases implicará a aceptación do contido íntegra das mesmas.

5.1.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS ASOCIACIÓNS:

As asociacións que reúnan os requisitos establecidos na Base 3 poderán presentar a súa solicitude xunto coa seguinte documentación:

1.- Documentación relativa á entidade e ao seu representante:

- a) Modelo de solicitude.
- b) Documento acreditativo do acordo da entidade de acollerse á presente convocatoria e da designación da persoa que asina a solicitude e que actúa en todo o procedemento na súa representación. *Anexo I*. No caso de que ao logo da tramitación do expediente se produza un cambio de representante no procedemento os interesado deberán presentar novo *Anexo I* comunicando dito cambio.
- c) Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante e do DNI do representante.
- d) Declaración responsable do representante da entidade relativa a que a documentación que obra en poder do Concello, aos efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada, así como de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións, e que está ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin co Concello de Lalín. *Anexo II*. No caso de que dita documentación non estea debidamente actualizada deberá presentar copia dos estatutos da Asociación.
- e) Certificación acreditativa dos cargos representativos. *Anexo VI*.
- f) Orzamento Xeral de ingresos e gastos da asociación/entidade.
- g) Certificación dos datos bancarios do solicitante.
- h) Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou documento polo que se autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas (*Anexo VII*) Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín.

2.- Documentación propia relativa ás actividades para as que se solicita a subvención:

- a) Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo e número de beneficiarios. A memoria deberá describir, o máis detalladamente posible, a actividade para a que se solicita a axuda. No caso de que se solicite axuda para a actuación de banda de música deberá especificarse a categoría da banda de acordo co establecido na Base 7. *Anexo III.*
- c) Orzamento detallado de gastos da actividade e contía do importe que se solicita ao Concello en concepto de subvención, segundo os importes establecidos na Base 7. *Anexo IV.*
- d) Declaración responsable na que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. *Anexo V.*

5.2.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS COMISIÓNS DE FESTAS:

Para a presentación de solicitudes de axudas para a celebración de festas parroquiais que non se realicen a través dunha asociación, deberá constituírse unha de Comisións de Festas, que deberá nomear a un Representante que actuará en nome da mesma en todo o procedemento. Dita Comisión de Festas deberá estar constituída como mínimo por tres persoas, que responderán de xeito solidario diante do Concello e ningún deles poderá estar incurso en prohibicións para ser beneficiario da subvención.

Neste caso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) Modelo de solicitude.
- b) Documento acreditativo, segundo modelo normalizado, da constitución da comisión de festas e da designación do Representante, que actuará en representación da mesma. A Comisión de Festas deberá estar formada, como mínimo, por tres persoas. *Anexo I Bis.*
- c) DNI dos membros da Comisión de Festas.
- d) Declaración responsable de cada un dos membros da Comisión de Festas relativa a non estar incursos en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións, e que está ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin co Concello de Lalín. *Anexo II Bis.*
- e) Memoria explicativa con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo e número de beneficiarios. No caso de que se solicite axuda para a actuación de banda de música deberá especificarse a categoría da banda de acordo co establecido na Base 7. *Anexo III Bis.*

f) Orzamento detallado de gastos da actividade e contía do importe que se solicita ao Concello en concepto de subvención, segundo os importes establecidos na Base 7. *Anexo IV Bis.*

g) Declaración responsable na que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. *Anexo V Bis.*

h) Certificación dos datos bancarios do representante.

i) Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social de cada un dos membros da Comisión de Festas, ou documento polo que autorizan ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Seguridade Social e da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas (*Anexo VII*). Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín.

O solicitante será requirido para a corrección de calquera defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación, que terá que ser emendado no prazo máximo e improrrogable de 10 días contados dende o seguinte á notificación do requirimento, indicándolle que se non o fíxese entenderase que desiste da súa solicitude.

6.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A instrución do procedemento corresponderalle a un técnico do concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que se constate que da información que obra en cada expediente individual se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- ☐ Dous/dúas Concelleiros/as do Grupo de Goberno.
- ☐ Dous/dúas Traballadores/as Municipais
- ☐ O Secretario da Corporación, que actuará ao mesmo tempo como secretario da Comisión Avaliadora, ou persoa na que delegue.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na Base 7, e elaborará un acta na que se emita informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das Bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

O órgano instrutor, á vista do expediente e da acta da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A proposta de resolución deberá expresar:

- Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- Especificación dos criterios seguidos para a súa determinación, en base ao disposto na Base 7.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

Só se subvencionarán as actuacións de bandas de música, grupos de gaitas ou charangas dos constituídos no termo municipal.

O importe das axudas será unha contía fixa segundo a actuación solicitada.

Aos efectos de determinar o importe das axudas por actuación de bandas de música establécese a seguinte clasificación por categorías:

- Categoría A: bandas con un mínimo de 60 músicos (Banda de Música de Lalín e Banda de Música de Vilatuxe).
- Categoría B: bandas con un mínimo de 40 músicos (Banda de Música Popular de Muimenta).
- Categoría C: bandas con un mínimo de 30 músicos (Banda de Música A Lira de Prado), e bandas das escolas de música e bandas infantís e xuvenís dependentes das entidades musicais incluídas na categoría A e categoría B.

As axudas serán de 500 € para as bandas de categoría A, de 400 € para as de categoría B e de 300 € para as de categoría C.

A contía da axuda no caso da actuación dunha charanga será de 300 € e para a actuación dun grupo de gaiteiros será de 150 €.

A concesión das subvencións realizarase por estrita orde de presentación de solicitudes no caso de que debido ao número de solicitudes presentadas non todas poidan ser atendidas por esgotamento da partida orzamentaria.

No caso de que o importe global das axudas solicitadas fora superior ao importe da partida orzamentaria e non se puideran atender todas as solicitudes por esgotamento da mesma, concederase o importe restante ao beneficiario ou beneficiarios por estrita orde de presentación de solicitudes ata completar o límite da partida orzamentaria, incluso no caso de que o importe do remanente resultante non acadara o importe establecido para esa actuación.

Só se poderá presentar unha única solicitude por Comisión de Festas e festa parroquial.

A subvención concederase para a actuación solicitada, non sendo posible xustificar outra actuación diferente.

8.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe da Intervención Municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses, contados dende o día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude. Logo de transcorridos seis meses desde o día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude sen lles notificar a resolución, os interesados estarán lexitimados para entender a subvención desestimada por silencio administrativo.

A notificación levarase a cabo por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo, no caso das notificacións ás Comisións de festas tamén se realizará por correo con acuse de recibo, cumprindo os requisitos establecidos nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015.

De conformidade co disposto no artigo 18 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión das axudas á Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de beneficiarios das axudas reguladas nas presentes Bases e os importes concedidos.

As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, poderá interpoñerse potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

9.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/2007, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

- 1.- Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.

2.- Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.

3.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello ou, no seu caso, do órgano de control competente, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.

5.- Acreditar que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social., o que se poderá acreditar con unha declaración responsable, en aplicación do disposto no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para os casos en que o importe da subvención non supere os 3.000 euros.

Tamén a a estes efectos, o solicitante da subvención poderá asinar o documento polo que autoriza ao Concello de Lalín a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da ATRIGA e da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas e dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención. *Anexo VII*. Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lalín.

6.- Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lalín.

10.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade. Para elo deberán cumprimentarse os modelos normalizados a tal efecto, e só se admitirán as xustificacións presentadas en ditos modelos, sen prexuízo da correspondente notificación aos beneficiarios para a perceptiva corrección de erros.

A xustificación deberá realizarse mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación do órgano competente da entidade, ou da persoa física beneficiaria, que acredite o cumprimento da actividade subvencionada, así como declaración relativa ás subvencións obtidas de outros organismos ou entidades para a mesma finalidade, e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada. *Anexo VIII (asociacións) ou Anexo VIII Bis (comisións de festas)*.

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da actividade subvencionada, detallando as facturas ou documentos de valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Na conta xustificativa deberán relacionarse facturas por importe, como mínimo, do gasto presupostado na solicitude da subvención. *Anexo IX (asociacións) ou Anexo IX Bis (comisións de festas)*.

- Memoria xustificativa da actividade, na que se fará unha descrición o máis detallada posible da actividade desenvolvida. *Anexo X (asociacións) ou Anexo X Bis (comisións de festas)*.

- Orixinais das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe mínimo da subvención concedida. O importe total das facturas aportadas deberá acadar, como mínimo, o importe da subvención concedida ou, no seu caso, a suma das subvencións obtidas para a mesma finalidade.

No caso de que se teñan realizado pagos que teñan retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.

- Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. Só se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia ou ingreso bancario no que deberá constar como pagador o representante da Comisión de Festas ou calquera dos demais membros. Aquelas facturas e xustificantes de pago achegados que non cumpran cos requisitos indicados non serán admitidas para a xustificación da subvención.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e non serán admitidos aqueles que non teña relación directa coa actividade subvencionada.

No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento presentado e/ou do importe da subvención concedida aboarase a totalidade da subvención, mentres que para o suposto de que se xustifique gasto inferior ao 100% aboarase a parte proporcional da mesma.

Unha vez xustificadas os gastos non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

Para cobrar a axuda concedida comprobarase que os beneficiarios se atopan ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

Para aquelas festas que se celebren ata o día 31 de outubro de 2024 o prazo de xustificación rematará o día 15 de novembro de 2024. Para o caso das festas parroquiais que se celebren nos meses de novembro e decembro de 2024, deberá presentarse a xustificación no prazo máximo dos 10 días posteriores á data de realización de dita festa e, en todo caso, ata o 13 de decembro de 2024.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de 10 días para a súa corrección e, de non cumprirse este requisito dentro do prazo concedido a tal efecto, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos correctamente xustificadas, se fose o caso, aplicando o coeficiente de financiamento.

11.- REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes, as establecidas no Título II da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

12.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións*.

13.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, infórmase que:

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto de estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s actividade/s subvencionada/s e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas en orde á conclusión do proceso de subvencións.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local .


DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Lalín - . Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2024, na Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e por último a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

A Concelleira delegada de Cultura

Begoña Blanco Blanco



Concello de **Lalín**

SOLICITUDE DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FESTAS PARROQUIAIS 2024

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL	
CIF	DOMICILIO SOCIAL
LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS		NIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO

Vistas as bases da convocatoria de subvencións para a celebración de festas parroquiais correspondentes ao ano 2024 e publicadas no B.O.P. de data _____,

SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a solicitude de axudas para as actividades e polos importes que se indican a continuación:

Actividade:.....**Festas parroquiais de**..... Importe solicitado €

Xúntanse os seguintes documentos esixidos nas Bases da convocatoria: (marcar cun X)

DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á ENTIDADE E AO SEU REPRESENTANTE:

- Documento acreditativo do acordo da entidade de acollerse á convocatoria e da designación da persoa que asina a solicitude e actúa na súa representación. *Anexo I.*
- CIF da entidade solicitante, e do NIF do representante da entidade.
- Declaración responsable do representante da entidade relativa a que a documentación que obra en poder do Concello, aos efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada, así como de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o art. 13 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario de subvencións *Anexo II.*
- Certificación acreditativa dos cargos representativos. *Anexo VI.*
- Certificación dos datos bancarios do solicitante expedida pola entidade bancaria.
- Orzamento Xeral da entidade solicitante.
- Certificación relativa a atoparse ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sinatura das correspondentes autorizacións ao Concello para solicitar dita información. *Anexos VII.*

DOCUMENTACIÓN PROPIA DAS ACTIVIDADES:

- Memoria explicativa da actividade, segundo modelo *Anexo III*.
- Orzamento de ingresos e gastos con expresión do financiamento prevista, segundo modelo *Anexo IV*.
- Declaración responsable relativa ás subvencións solicitadas e concedidas, segundo *Anexo V*.

E DECLARO, baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos que figuran na presente solicitude, así como na documentación que se acompaña, e que a entidade solicitante: (marcar cun X)

- Está validamente constituída.
- Ten o seu domicilio social no Concello de Lalín
- Carece de fins de lucro no desenvolvemento da súa actividade
- Desenvolve as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal de Lalín
- Non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s actividade/s subvencionada/s e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas en orde á conclusión do proceso de subvencións.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Lalín - . Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

Lalín, de de 2024

O/A representante

Asdo.: _____

Anexo I

DESIGNACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D/D^a. _____ con DNI _____
en calidade de Secretario/a da entidade _____
_____ con CIF _____

CERTIFICO:

Que a Xunta Directiva da entidade, na sesión celebrada o día _____,
adoptou os seguintes acordos:

1º.- Acollerse á convocatoria de subvencións do Concello de Lalín publicada no BOP nº _____
_____ para a celebración de festas parroquiais correspondentes ao exercicio 2024.

2º.- Designar a D/D^a. _____
con NIF _____, para que exerza a representación da entidade ante o
Concello de Lalín en todo o procedemento.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s actividade/s subvencionada/s e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas en orde á conclusión do proceso de subvencións.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Lalín -. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

Lalín, _____ de _____ de 2024

O/A Secretario/a

Vº e Prace
O/A Representante

Asdo. _____

Asdo. _____

Anexo II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./Dona. _____,
con NIF _____, en calidade de representante da entidade _____,
con CIF _____ inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que a documentación da entidade que represento, e que está en posesión do Concello de Lalín a efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada, ten plena validez e non se produciron cambios na mesma dende a data do seu rexistro ou, no seu caso, dende a última notificación realizada sobre o cambio na mesma. No caso de non ter validez deberá presentar copia dos Estatutos da Asociación.
- Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das circunstancias que se refire o art. 13 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e no artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e que lle imposibilite obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.
- Que a entidade que represento está ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin co Concello de Lalín.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s actividade/s subvencionada/s e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas en orde á conclusión do proceso de subvencións.

DESTINATARIOS: Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local.

DEREITOS: As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Lalín -. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo : dpd@lalin.gal.

Lalín, de 2024

O/A representante
Asdo.: _____

Anexo III

MEMORIA EXPLICATIVA

ENTIDADE SOLICITANTE:	
DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE : Festas parroquiais de	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:	
ACTUACIÓN SOLICITADA (Marcar cun X o que proceda. No caso actuación de Banda de Música marcar só a categoría de Banda solicitada) ☐ <u>Banda de Música de Categoría:</u> A ☐ 500 € B ☐ 400 € C ☐ 300 € ☐ <u>Grupo de gaitas</u> 150 € ☐ <u>Charanga</u> 300 €	
DATA DE REALIZACIÓN:	LUGAR DE REALIZACIÓN:
OBJECTIVOS A ACADAR:	Nº BENEFICIARIOS:

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

RESPONSABLE: O Concello de Lalín é o responsable dos datos persoais facilitados polas entidades e asociacións solicitantes.

